

## **XEOGRAFÍA**

*VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: solicítase unicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.*

### **OPCIÓN 1.**

1.1.- Defina brevemente: BIOSFERA, ACUICULTURA, RAMBLA, RESIDENCIA SECUNDARIA, AGROINDUSTRIA.

1.2.- Na Figura A-1 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das sinaladas cun número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **Caracteres rexionais da industria española.** *Orientacións para o desenvolvemento: breve referencia dos caracteres do proceso de industrialización en España, as disparidades rexionais, os mecanismos e medios correctores, causas e consecuencias espaciais, etc.*

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información, escala), caracteres xerais do feito representado, relación con diversos factores xeográficos que expliquen a distribución, etc.*

### **OPCIÓN 2**

2.1.- Defina brevemente: EXPLOTACIÓN EXTENSIVA, ROCHA SEDIMENTARIA, INFLACIÓN, PRESIÓN ATMOSFÉRICA, RECONVERSIÓN INDUSTRIAL.

2.2.- Na Figura A-2 aparecen representados os principais ríos españois. Cite vostede o nome dos sinalados cun número.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **Caracteres xerais e evolución dos movementos naturais da poboación española.** *Orientacións para o desenvolvemento: definición de movemento natural, caracteres da natalidade, mortalidade e crecemento natural, evolución durante o século XX, tendencias recentes, etc.*

2.4.- Comente vostede a Figura B-2. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), caracteres do fenómeno representado, causas e consecuencias das pautas de distribución, relación con outras variables climáticas, etc.*

**XEOGRAFÍA**

**OPCIÓN 1**



FIGURA A-1

FIGURA A-1




Mapa de dispersión del haya (*Fagus sylvatica*) en la Península Ibérica (Font Quer, P., 1954).



FIGURA B-1

**XEOGRAFÍA**

**OPCIÓN 2**



**FIGURA A-2**



Precipitaciones medias anuales.

**FIGURA B-2**

## **XEOGRAFÍA**

*VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: solicítase unicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.*

### **OPCIÓN 1**

1.1.- Defina brevemente: PLANO RADIOCONCÉNTRICO, ROCHA METAMÓRFICA, PRODUCTO INTERIOR BRUTO, CAMPOS CERRADOS, MOVEMENTO PENDULAR.

1.2.- Na Figura A-1 aparece representada a produción cárnico-láctea sobre a agraria total. Cite vostede **cinco** provincias onde o valor sexa inferior ó 15%.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **Caracteres xerais da rede urbana española.** *Orientacións para o desenvolvemento: definición de rede e xerarquía urbana, a rede urbana española e os diversos niveis xerárquicos, o reparto espacial das cidades, as áreas funcionais, relación con outros aspectos xeográficos, etc.*

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da distribución dos feitos representados, ubicación espacial e nas variedades climáticas españolas, consecuencias na paisaxe, etc.*

### **OPCIÓN 2**

2.1.- Defina brevemente: PESCA DE BAIXURA, TASA DE MORTALIDADE INFANTIL, SOTOBOSQUE, ENSANCHE, ORBALLO.


2.2.- Na Figura A-2 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das sinaladas cun número.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **Caracteres termopluriométricos e paisaxes bioclimáticas na España Húmida.** *Orientacións para o desenvolvemento: criterios de delimitación da España Húmida, o reparto das temperaturas e as precipitacións, as condicións estacionais, os rasgos xerais das paisaxes vexetais e os sus compoñentes, etc.*

2.4.- Comente vostede a Figura B-2. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), causas e consecuencias da evolución do fenómeno que se representa, caracteres das diversas variables, etc.*

**XEOGRAFÍA**


**OPCIÓN 1**



Producción cárnico-láctea sobre la agraria total.

**FIG. A-1**

**FIGURA A-1**



Temperatura media anual: 14,8°. Precipitaciones anuais: 338 mm. Amplitud térmica: 17,8°

**FIGURA B-1**

**XEOGRAFÍA**

**OPCIÓN 2**





FIGURA A-2

**REPARTO DE LA POBLACIÓN ACTIVA ESPAÑOLA**



Fuente: INE.

FIGURA B-2

## CONVOCATORIA DE XUÑO

## OPCIÓN 1

**1.1.-** Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,4 puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

**BIOSFERA:** Esfera da vida ou espacio que ocupan na Terra os seres vivos.

**ACUICULTURA:** Conxunto de actividades referidas á cría e coidado de animais e plantas acuáticas (peixes, moluscos, crustáceos, algas) cunha finalidade productiva e recolección controlada.

**RAMBLA:** Cauce seco, de ríos que só levan auga unha parte do ano, cun réxime torrencial, típico das áreas máis áridas do clima mediterráneo.

**RESIDENCIA SECUNDARIA:** Vivenda familiar de uso estacional ou en determinados días ao ano, sen constituir unha vivenda habitual, e xeralmente ligada a actividades de ocio.

**AGROINDUSTRIA:** Actividades industriais de transformación de materias primas agrarias para producir bens de consumo, para a alimentación animal ou para ser utilizados noutros procesos industriais.

**1.2.-** Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Se require a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, VIZCAYA; 2, HUESCA; 3, TARRAGONA; 4, CÁCERES; e 5, LAS PALMAS DE GRAN CANARIA.

**1.3.-** Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base aos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenrolo, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: fases da industrialización española e xeneración dos desequilibrios territoriais, as políticas de industrialización, as rexións industriais actuais (rexións en declive, rexións en expansión, especialización rexional), as políticas territoriais e a industria, a industria española e a UE, as tendencias actuais (reconversión, deslocalización), etc.

**1.4.-** Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (mapa temático, analítico, estático, cualitativo, puntual), caracteres bioxeográficos onde haxa (humidade, solos, altitude, temperaturas), relación coa localización na España Húmida, áreas desta nas que aparece ausente e por qué, etc. Valorarase a comparación coa distribución doutras especies características e a súa relación cos elementos físicos.

## OPCIÓN 2

**1.1.-** Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,4 puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación se presentan as definicións dos conceptos propostos:

**EXPLOTACIÓN EXTENSIVA:** Explotación agraria baseada en baixos rendimentos sobre altas extensións de terreno, xeralmente con poucas unidades de man de obra.

**ROCA SEDIMENTARIA:** Roca formada na superficie terrestre pola acumulación de sedimentos, que son materiais procedentes da destrución de rocas preexistentes ou de certos organismos. Os sedimentos forman estratos.

**INFLACIÓN:** Exceso de moeda en relación coa súa cobertura, o que xenera un alza xeral de prezos, acompañado dunha devaluación da moeda.

**PRESIÓN ATMOSFÉRICA:** Medida do peso da Atmosfera. Peso dunha columna de aire sobre a súa base no solo, medida ata o límite da Atmosfera, en milímetros de mercurio ou en milibares.

**RECONVERSIÓN INDUSTRIAL:** Medidas estruturais de adaptación da industria tradicional para facela máis competitiva e adaptala ás novas condicións económicas, o que comporta innovación tecnolóxica e redución de man de obra. Pode ser un proceso espontáneo ou levado a cabo por iniciativa estatal.

**1.2.-** Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, SEGRE; 2, NALÓN; 3, TURIA; 4, SEGURA; e 5, GUADIANA.

**1.3.-** Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base aos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo de su desenrolo, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: definición de movementos naturais, retraso con respecto a Europa na transición demográfica, crise de sobremortalidade e de natalidade na primeira metade do século XX, baby boom dos sesenta, retroceso do crecemento natural a partir dos setenta, pautas actuais, diferencias rexionais, a influencia da inmigración, etc.

**1.4.-** Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes: tipoloxía da imaxe (mapa analítico, cualitativo), o reparto espacial das precipitacións, as tres Iberias pluviométricas, factores do reparto, causas e consecuencias, relación con outros elementos climáticos, incidencia na definición das paisaxes vexetais e das rexións agrarias, etc. Valorarase as referencias aos déficits hídricos en diversas rexións e á polémica dos trasvases.



## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

## OPCIÓN 1

**1.1.-** Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,4 puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

**PLANO RADIOCONCÉNTRICO:** Plano urbano formado por rúas que parten do centro a modo de radios e outras que forman círculos concéntricos que as cortan perpendicularmente. Típico da Idade Media.

**ROCHA METAMÓRFICA:** Roca transformada por altas presións e altas temperaturas que reorganizan a súa estrutura e transforman o seu aspecto.

**PRODUCTO INTERIOR BRUTO (PI.B.):** Valor das producións dun país durante un ano, descontando do Produto Nacional Bruto os bens producidos fora do país, aínda que sexa mediante capital nacional.

**CAMPOS PECHADOS:** Paisaxe agraria onde as explotacións ou as parcelas aparecen delimitadas por peches de diversas características (lousas, pedras, seto vivo, etc.) asociado ao individualismo. Denomínase tamén “bocage”.

**MOVEMENTO PENDULAR:** Movemento de persoas diario, repetitivo, dende o lugar de residencia ao lugar de traballo, normalmente da periferia ao centro urbán e viceversa.

**1.2.-** Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: VALENCIA, ALICANTE, ALMERÍA, GRANADA, JAEN, SEVILLA.

**1.3.-** Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base aos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolto, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: definición de rede e xerarquía urbana, a rede urbana española e os diversos niveis xerárquicos, o reparto espacial das cidades, o reparto por peso demográfico, as áreas funcionais, as xerarquías rexionais, relación con outros aspectos xeográficos, etc.

**1.4.-** Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (climograma que representa as temperaturas mediante puntos unidos cunha liña e as precipitacións mediante barras verticais, cunha escala vertical dobre das precipitacións con respecto ás temperaturas); temperatura media anual relativamente elevada, amplitude térmica anual considerable, de 17,8°, verán caluroso achegándose aos 25° e inverno frío, rondando os 6°, o que nos fala dun alonxamento do mar e de matices de continentalización; precipitacións escasas, dentro da España Seca e case no límite da árida, irregulares e con máximos equinocciais e mínimos estivais (ata 4 meses áridos segundo o índice de Gaussen); características de clima mediterráneo con evidentes matices de continentalización que nos deben levar cara o

ámbito dunha depresión como a do Ebro; características da paisaxe bioclimática do dominio mediterráneo, etc. Valoraranse as referencias aos problemas derivados da aridez e os seus intentos paliativos.

## OPCIÓN 2

**2.1.-** Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,4 puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

**PESCA DE BAIXURA:** Actividade pesqueira que se realiza entre o litoral e as 50 ó 60 millas dentro das augas xurisdiccionais, con embarcacións de pequena tonelaxe.

**TASA DE MORTANDADE INFANTIL:** Relación do número de falecementos de nenos menores dun ano co número total de nacementos, expresada en tantos por mil.

**SOTOBOSQUE:** Estrato vexetal que se desenrola baixo as copas das árbores dun bosque.

**ENSANCHE:** Expansión planificada das cidades a partir do derrubo das murallas a finais do XIX, adoptando xeralmente o plano en cuadrícula, debido ao crecemento da poboación urbana e á demanda de vivenda pola burguesía.

**ROCÍO:** Condensación do vapor de auga do aire en contacto co solo en forma de gotas de auga, que se produce polo descenso nocturno da temperatura e a saturación de humidade.

**2.2.-** Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, ÁLAVA; 2, SEGOVIA; 3, TERUEL; 4, BADAJOZ; e 5, GRANADA.

**2.3.-** Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítadr que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base aos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo de su desenvolto, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción smn faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: criterios de delimitación da España Húmida, o reparto das temperaturas e as precipitacións (escasa amplitude térmica, regulares precipitacións, elevada humidade), as condicións estacionais, os rasgos xerais das paisaxes vexetais e os seus componentes, etc.

**2.4.-** Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), definición dos sectores de actividade, causas e consecuencias da evolución e a transformación do peso porcentual de cada sector de actividade na vida económica e social española, caracteres das diversas variables, influencia na reordenación espacial da poboación. Valorarase a relación coa evolución do proceso de urbanización en España ao longo do século XX.